

A Consellería de Medio Ambiente respóndelle ao cambio climático

O Plan Galego de Acción contra o Cambio Climático, posto en marcha pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, abarca catro programas de acción:

Sensibilización e Formación, mediante ciclos de conferencias, exhibición de vídeos e exposicións que se están a desenvolver nas principais cidades galegas en colaboración coa Obra Social de Caixa Galicia; xunto á posta en marcha dun proxecto de educación ambiental denominado Climántica, dirixido a alumnos de primaria e secundaria.

Mitigación, mediante a posta en marcha do Plan Galego de Redución de Emisións de Gases de Efecto Invernadero.

Adaptación, a través do proxecto de Análise das Evidencias e dos Impactos do Cambio Climático en Galicia e o Plan Galego de Adaptación fronte ao Cambio Climático.

Investigación, coa creación da Rede Galega de Observación do Territorio e do Centro de Investigación do Sistema Climático.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible xa presentara a estratexia galega fronte ao cambio climático na

Conferencia Internacional sobre esta materia que se celebrou en Bilbao a primavera pasada. O director xeral de Desenvolvemento Sostible, Emilio Fernández, foi o encargado de expoñer, os puntos que conforman o plan de acción posto en marcha pola Consellería para paliar os efectos do cambio climático en Galicia.

A representación da Consellería de Medio Ambiente nesta Conferencia Internacional respondeu aos bos resultados obtidos no deseño de accións de loita contra o cambio climático, que sitúa a Galicia, xunto a Andalucía, Valencia, Illas Baleares e País Vasco, como as comunidades que máis aestacan na elaboración das súas estratexias.

O director xeral de desenvolvemento sostible, Emilio Fernández, interviu nunha mesa de traballo sobre "Estratexias de Cambio Climático a Nivel Rexional". Outros dos temas abordados nas distintas mesas de traballo da Conferencia Internacional foron as estratexias do cambio climático en países en vías de desenvolvemento, as prácticas en municipios, as accións para a adaptación e para a mitigación das emisións, ou as tecnoloxías libres de carbono.



Nobel da Paz para os defensores do Planeta

O Premio Nobel da Paz 2007 foi atribuído ao ex vicepresidente de Estados Unidos, Al Gore, e ao Panel das Nacións Unidas sobre o Clima (IPCC) "polos seus esforzos en contra do queceamento climático e pola reunión e difusión de coñecementos sobre os cambios climáticos provocados polo home", segundo precisou en Oslo, o presidente do Comité Nobel, Ole Danbolt Mjoes. O galardón reconece igualmente os seus esforzos para sentar as bases "das medidas necesarias na loita contra estes cambios".

Al Gore, comprometido na batalla contra o deterioro ambiental, realizou o documental "Una verdad que incomoda", sobre os efectos do cambio climático. Informar ao público é o seu forte compromiso, que se reflicte na súa actividade política, conferencias, películas e textos o que reforzou a loita contra o cambio climático. Gore é probablemente a persoa que máis fixo para axudar a un máis amplo coñecemento internacional sobre

as medidas que deben ser adoptadas para frear este fenómeno.

Factores coma o furacán Katrina, influiron na concienciación do público, pero o certo é que o seu documental fixo reflexionar ao público.

En canto ao Panel Intergubernamental de Expertos sobre a Evolución do Clima (IPCC), o Comité destacou a labor desenvolvida a traveso de casi dúas décadas.

Os seus informes crearon un máis amplo consenso sobre a conexión entre as actividades humanas e o queceamento. Miles de científicos e de funcionarios de máis de cen países colaboraron para acadar a maior certeza en canto ao nivel do queceamento. En virtude dos seus esforzos, logrouse un maior recoñecemento internacional do fenómeno en cuestión.

O premio proporciona unha lexitimidade suplementaria ao IPCC, sobre todo con relación aos detractores que aínda hoxe negan a realidade do queceamento climático.

O cambio climático ten efectos sobre a auga e a produción de alimento e de enerxía, o que conduce a migracións e combates polo reparto das riquezas. O cambio climático, non é só a retracción dos glaciares e a desaparición de prantas. Con respecto ao impacto directo sobre seres humanos, pódese incluír a expansión

da área de enfermidades infecciosas tropicais, inundacións de terreos costeiros e cidades, tormentas máis intensas, a extinción de incontables especies de prantas e animais, fracasos en cultivos en áreas vulnerables, aumento de sequías, etc. A atribución dun Premio Nobel ca Paz neste campo e completamente lóxica.

¿CRES QUE NON TE AFECTA O CAMBIO CLIMÁTICO?



Fusión dos casquetes polares
Aumento da temperatura ou glaciacións
Anegamento de cidades costeiras



Desertización
Desaparición de especies
Incendios



Catástrofes naturais
Mortes
Pobos destruídos



Migracións
Pobreza
Fame
Guerras

É isto o que queremos?. Se non é así poñámonos mans á obra e practiquemos co exemplo un uso sostible dos recursos